

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 6 de outubro de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

15.33028.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DUNHA ENTIDADE E ADXUDICACIÓN DE 1 OBRADOIRO A UNHA ASOCIACIÓN DA LISTA DE AGARDA DO PROGRAMA “DEPO EN MARCHA 2023” (Expte.2022063047)

1º.- Por Acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 5 de maio de 2023, número 4.32607, aprobouse a adxudicación dos obradoiros ás entidades de maiores, xubilados e pensionistas e outras entidades da provincia de Pontevedra, no marco do Programa “*Depo En Marcha 2023*”, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases reguladoras do programa, e que supoñen un total de 130, así como a relación de entidades en lista de espera son un total de 91. O anuncio de adxudicación publicouse no BOPPO número 91 de 12 de maio de 2023, e nesa mesma data na páxina web.

Os Anexos figuran asinados no expediente cos seguintes CSV: VHTCKDQRM6WOWI3I e VE065LNTMSNWV16G respectivamente.

2º.- Segundo se recolle no apartado 10) do Acordo de adxudicación, “*O prezo unitario por obradoiro é de 1.122,43 euros (IVE incluído), polo que a adxudicación de 130 actividades formativas ascende a un total de 145.915,90 euros con cargo á aplicación 23/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.*”

3º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 4 de agosto de 2023, adopta o Acordo número 5.32874, polo que se aceptan dúas renuncias, se produce a adxudicación de dous obradoiros, a subsanación de erros e a modificación da lista de espera do programa; e na súa sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2023, adopta o Acordo número 12.32988, polo que se acepta a renuncia da Asociación de Vecinos Alvedosa e a adxudicación de 1 obradoiro á Asociación de Vecinos de Pinténs, que figuraba no primeiro posto da lista de agarda do programa “*Depo En Marcha 2023*”.

4º.- Con data 21 de setembro de 2023, e número de rexistro WEB2023054476, a Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral, con NIF número G-36.651.073 e co número de expediente 2023010288, presenta renuncia ao obradoiro de Bailes de salón adxudicado dentro do programa Depo En Marcha 2023 por “non reunir o alumnado mínimo requirido para a súa celebración”.

5º.- A renuncia da Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral permite que se poida adxudicar un obradoiro a unha nova asociación da lista de agarda.

No primeiro posto da actual lista de espera do programa (CSV: WPIGM52SSDARH7AO) figura a seguinte entidade:

Nº	EXPTE	NIF/CIF	ENTIDADE	OBRADOIRO
1	2023011401	G94196524	Asoc de Jubilados de Vilalonga	Ximnasia de Mantemento



6º.- Con data 29 de setembro de 2023, Intervención emite dilixencia de “fiscalizado e conforme” respecto do informe proposta para a aceptación da renuncia presentada pola entidade Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral e a adxudicación dun obradoiro á *Asociación de Jubilados de Vilalonga*, emitido pola Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude (CSV: BLVIR4CVGM2J9P1U), de data 28 de setembro de 2023.

A Xunta de Goberno é o órgano competente para a súa aprobación, de acordo co establecido na base 14.1 da convocatoria.

Normativa aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Bases do programa Depo en Marcha 2023

De acordo co exposto, e ao abeiro do establecido nas Bases Reguladoras do programa “*Depo en Marcha*” 2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro- Aceptar a renuncia presentada pola *Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral*, NIF nº G-36.651.073 (Expte. nº 2023010288).

Segundo- Adxudicar 1 obradoiro á *Asociación de Jubilados de Vilalonga* (NIF nº G-94.196.524 e Expte. 2023011401), segundo a orde da lista de agarda.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

